| de 31 a 60 m³/trimestre | 1,060000 €/m³ |
| > de 60 m³/trimestre | 1,200000 €/m³ |
| | |
| **OBRAS** | |
| Hasta 30 m³/trimestre | 0,800000 €/m³ |
| de 31 a 60 m³/trimestre | 0,940000 €/m³ |
| > de 60 m³/trimestre | 1,060000 €/m³ |

***CONSERVACIÓN de acometidas de auga e contadores***

*As tarifas de conservación de acometidas de auga consistirán nunha cantidade fixa de 0.320000 €uros/mes/abonado e actuará a modo de financiamiento para o mantemento e conservación destas acometidas, de tal modo que no momento de que se produza calquera incidencia na mesma ou avaría non lle supoña custo algún ao abonado.*

*A tarifa de conservación de contadores consistirá nunha cantidade fixa de 0.340000 €uros/mes/abonado e actuará a modo de financiamiento para o mantemento e conservación do parque de contadores, de tal modo que no momento de produzase calquera avaría no mesmo, parada ou mesmo rotura non lle supoña custo algún ao abonado.*

| | | |
|---|---|---|
| Conservación acometidas agua | 0,320000 | €/mes/ aboado |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 27/01/2025 12:25:00) , Francisco Charlín Orons (FECHA: 27/01/2025 12:49:00)
Versión imprimible
CVD: +8bA31nxfhzPx7aVHEx2
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | |
|---|---|---|
| *Conservación contadores* | *0,340000* | *€/mes/ aboado* |

*Nas anteriores tarifas de auga, non está incluído o IVE que, no seu caso, deber devindicarse conforme a normativa fiscal en vigor.*

***Artigo 7.- Obrigación de pago.***

*Devindícanse as cotas e nace a obrigación de pago cando se inicie a actividade que constitúe o seu suposto de esixibilidade, coas seguintes peculiaridades para cada un dos servizos:*

*7.1. Abastecemento de auga potable. Enténdese que nace a obrigación de pago cando se formalice o oportuno contrato ou póliza de abono, ou no seu caso, desde que teña lugar a efectiva acometida á rede de abastecemento municipal ou a mesma debese solicitarse ou realizado.*

*7.2. O nacemento da obrigación de pago da tarifa por esta última modalidade producirase con independencia de que se obtivo ou non a licenza de acometida e sen prexuízo da iniciación do expediente que poida tramitarse para a súa autorización.*

*7.3. A obrigación de pago polos servizos a que refírese o artigo 3.1.b., cando se trata de actividades ou servizos de tracto sucesivo ou aos que corresponde facturación periódica, nace cando no momento en que se formalice o contrato ou póliza de abono e, cando se trate de actividades puntuais, nace cando se solicita á Concesionaria correspondente servizo ou, no seu caso, cando pola mesma se realizan as actividades que dan dereito á súa exixibilidade.*

*7.4. Nos supostos de alta, baixa e cambio de titularidade, a tarifa se prorrateará por días naturais.*

***Artigo 8.- Periodicidade de facturación e prazos de pago.***

*8.1. A facturación, que terá unha periodicidade trimestral correspondente ás tarifas pola prestación dos servizos realizarase a través da empresa concesionaria, en recibo conxunto, no seu caso, con outras tarifas, taxas, tributos ou prezos públicos de titularidade de terceiros, tales como canons autonómicos, etc,. Poderase emitir facturas con periodicidade mensual, só para os grandes consumidores e sempre con carácter de voluntariedade.*

*8.2. No suposto de licenza de acometida ou outras actividades ou servizos non periódicos, o abonado ou usuario virá obrigado a presentar ante a Concesionaria a correspondente declaración ou solicitude, segundo modelo determinado por esta, que conterá os elementos imprescindibles para a facturación procedente. Neste caso, e demais supostos amparados polo artigo 3.1.b) a factura expedirase contra a solicitude de servizo ou cando pola Concesionaria se haxa realizado a actividade que dea lugar á obrigación de pago se a mesma debe realizarse de oficio e non a solicitude do abonado ou usuario.*

*8.3. Os importes facturados deberán satisfacerse dentro do período dun mes seguinte á data de emisión da factura. O atraso no pago determinará a aplicación do tipo de xuro legal do diñeiro, aplicable desde o día seguinte á finalización do período de pago voluntario.*

*8.4. O pago das débedas poderá realizarse na forma seguinte:*

*a) Para os obrigados ao pago que domiciliasen o pago das mesmas, mediante cargo na conta da entidade bancaria que sinalasen para o efecto.*

*b) Para os obrigados ao pago que non domiciliasen o pago das mesmas ou que facéndoo, por calquera causa non fose satisfeita a débeda, a través das diferentes canles habilitadas pola concesionaria.*

*8.5. As facturas non satisfeitas no período voluntario poderán ser reclamadas por correo certificado con acuse de recibo ou calquera outro medio que permita ter fehaciencia da recepción que poderá verse incrementada esta contía polo interese por moura ao tipo legal transcorridos 6 meses desde a finalización do período voluntario. No suposto de rexeitamento da notificación ou por deficiencias da dirección facilitada polo obrigado ao pago, especificaranse as circunstancias do intento da notificación e terase por efectuado o trámite, quedando expedita a súa reclamación pola vía xudicial ou o inicio do procedemento de corte de subministración, previa consulta cos Servizos Sociais Municipais, para evitar o corte de subministración a familias que poidan estar en situación de vulnerabilidade económica.*

*8.6. No caso no que por erro a Concesionaria facturase cantidades inferiores ás debidas, poderase acordar co usuario o prazo de pago.*

***Artigo 9. Exencións e bonificacións***

*1.- O Pleno da Corporación, previo informe dos servizos sociais poderá bonificar a contía do consumo mínimo das familias que así se determinen.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 27/01/2025 12:25:00) , Francisco Charlín Orons (FECHA: 27/01/2025 12:49:00)
Versión imprimible
CVD: +8bA31nxfhzPx7aVHEx2
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

***Artigo 10.- Facultade de inspección.***
*Os inspectores autorizados estarán facultados, para os efectos desta Ordenanza e do Regulamento do servizo, para visitar e inspeccionar predios e locais nos que se utilicen as instalacións correspondentes para conectarse ás redes municipais de abastecemento e saneamento, realizar toma de mostras, etc., observando se existe algunha irregularidade.*
*Terán a consideración de consumos clandestinos os que sen o preceptivo contrato ou póliza de abono ou, no seu caso, sen a correspondente autorización da Concesionaria, e consecuente pago das tarifas correspondentes, leven a cabo as utilizacións ou aproveitamento dos servizos establecidos no artigo 3 da presente Ordenanza.*
*Os actos clandestinos e calquera outros aos que correspondese tal cualificación, darán lugar á inmediata suspensión da subministración e prestación dos servizos, sen prexuízo das accións legais que poidan corresponder.*
*Con independencia do anterior, o usuario clandestino virá sempre obrigado a abonar o importe do servizo disposto e non pago, do que foi beneficiado polos servizos que correspondese, conforme a liquidación que se practique pola Concesionaria, ademais dos gastos inherentes á inspección e reposición dos elementos alterados ou danados.*
*DISPOSICIÓN FINAL*
*1.-A presente Ordenanza rexerá unha vez efectuada a publicación da súa aprobación definitiva, de acordo co previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local*
*2.-As referencias existentes no Regulamento do Servizo Municipal de abastecemento de auga potable á Ordenanza fiscal reguladora das taxas por subministración de auga potable e servizos complementarios entenderanse realizadas á presente Ordenanza non tributaria, tras a súa entrada en vigor.*
*DISPOSICIÓN DERROGATORIA*
*Á entrada en vigor da presente Ordenanza non tributaria quedará derrogada a Ordenanza fiscal reguladora das taxas por subministración de auga potable e servizos complementarios, que foi publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 286 el día 15 de decembro de 1998 así como as súas modificación posteriores.”*
***SEGUNDO.-** Expoñer o expediente a información pública e audiencia aos interesados, previo anuncio no taboleiro de anuncios do Concello e no BOP, por un prazo de 30 (trinta) días, para que poidan presentar as reclamacións e suxerencias que estimen oportunas, que de producirse deberán ser resoltas pola Corporación.*
***TERCEIRO.-** No suposto de que non se presenten reclamacións contra ao mesmo, entenderase automáticamente elevado a definitivo o acordo ata entón provisional, de conformidade co disposto no artigo 17.3 do TRLRFL.*
***CUARTO.-** O acordo definitivo, ou o provisional elevado automáticamente a definitivo e o texto íntegro da ordenanza publicarase no Boletín Oficial da Provincia, non entrando en vigor en tanto non teña lugar dita publicación.”*

Dona Cristina Vázquez del Prisco, concelleira do BNG manifesta o voto en contra do seu grupo xa que considera que é moito incremento para os veciños dunha vez, e que a subida debería terse feito de ano en ano.
Don Fernando del Moral Regaldíe, integrante do Grupo Mixto e representante de UNIDAS-PODEMOS manifesta o seu desacordo coa subida e indica que o déficit ven orixinado por que o contrato está en precario dende 2017.
O sr. alcalde manifesta que a intención do grupo de goberno é licitar antes de fin de ano e que o incremento supón soamente 1,34€ ao mes.
Prodúcesense unha serie de interrumpcións por parte do concelleiro do grupo mixto e o alcalde faille unha chamada á orde.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** 6 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Daniel Mata Martínez, Don Eulogio Constantino Castiñeira e Dona Begoña

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 27/01/2025 12:25:00) , Francisco Charlín Orons (FECHA: 27/01/2025 12:49:00)
Versión imprimible
CVD: +8bA31nxfhzPx7aVHEx2
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Gegúndez Allo) .
**VOTOS EN CONTRA:** 3 [2 do BNG (Dona María Cristina Vázquez del Prisco e Dona Isabel María Toja Toja) e 1 do Grupo Mixto (Don Don Fernando del Moral Regaldíe representante de UNIDAS PODEMOS)].
**ABSTENCIÓNS**: 0

Polo tanto, queda aprobado o seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar provisoriamente a ordenanza non fiscal reguladora da prestación patrimonial de carácter público para o servizo municipal de auga potable que quedará redactada nos seguintes termos:

***ORDENANZA NON TRIBUTARIA NUMERO 7 REGULADORA DAS TARIFAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ABASTECEMENTO DOMICILIARIO DE AUGA POTABLE NO CONCELLO DE LAXE***

***Artigo 1.- Disposición xeral.***

*En uso das facultades concedidas polo artigo 31.3 da Constitución Española e da potestade regulamentaria que ten o Concello de Laxe de conformidade cos artigos 4.1.a) e 84.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local, a través desta Ordenanza Municipal regúlanse os prezos ou tarifas pola prestación dos servizos comprendidos no Servizo Municipal de Auga para o municipio de Laxe, que se rexerán pola presente Ordenanza non fiscal reguladora da prestación patrimonial pública non tributaria por uso dos servizos de abastecemento de auga potable.*

*As contraprestacións por uso dos servizos reguladas na presente Ordenanza, que se denominarán xenericamente como "tarifas", teñen natureza de prestación patrimonial pública non tributaria de conformidade co disposto no artigo 20.6 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aprobou o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLHL) e na Disposición Adicional Primeira da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, en relación co artigo 289.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014*

***Artigo 2.- Obxecto e ámbito de aplicación.***

*2.1. O obxecto da presente Ordenanza é regular a tarifa do servizo de abastecemento de auga potable así como outras actividades conexas e complementarias inherentes ao desenvolvemento dos mesmos.*

*2.2. A presente Ordenanza, así como as tarifas e os dereitos económicos obxecto de regulación nesta norma, serán aplicables ao municipio de Laxe.*

*2.3. Constitúe o suposto de esixibilidade das tarifas a prestación do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable a través da rede municipal con cantas actividades técnicas ou administrativas complementarias sexan necesarias ao devandito servizo.*

*2.4. A prestación do servizo, así como a realización das actividades e obras relacionadas co mesmo a que se refire o artigo 3 desta Ordenanza, comportará unha contraprestación económica como tarifa nos termos aprobados polo Concello de Laxe no contrato de xestión indirecta adxudicado á mesma, e regulados nesta Ordenanza, en aplicación do principio de autofinanciamento do servizo.*

***Artigo 3.- Servizos prestados.***

*3.1. Os servizos que se prestan concrétanse na dispoñibilidade real ou potencial, ou uso efectivo ou posible, dos servizos e das actividades reguladas na presente Ordenanza, que a continuación se enumeran:*

*a) Dispoñibilidade, mantemento e utilización do Servizo de subministración de auga potable a través da rede de abastecemento municipal. A tarifa para establecer poderá variar en función dos usos e destinos da auga.*

*b) Prestación dos servizos técnicos e administrativos complementarios referentes ás actuacións necesarias para realizar a contratación e prestación definitiva ou provisional da subministración de auga potable, así como o mantemento e conservación de elementos necesarios para a prestación dos servizos recollidos neste artigo 3.*

*c) En xeral, todos aqueles servizos propios do obxecto desta ordenanza que sexan provocados polos interesados ou que especialmente redunden no seu beneficio, aínda cando estes non*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 27/01/2025 12:25:00) , Francisco Charlín Orons (FECHA: 27/01/2025 12:49:00)
Versión imprimible
CVD: +8bA31nxfhzPx7aVHEx2
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

*solicitasen a súa prestación e que, sendo de competencia municipal, teñan carácter obrigatorio en virtude do precepto legal ou regulamentario.*

*3.2. As relacións entre a concesionaria e o usuario na prestación dos servizos virán reguladas polo contrato de subministración, así como polo Regulamento de Prestación do Servizo e polas disposicións desta Ordenanza, aplicándose no non previsto nas mesmas as normas técnicas que regulen os servizos.*

***Artículo 4.- Concepto de tarifa.***

*As tarifas e outros dereitos económicos pola prestación do servizo teñen natureza de ingreso non tributario. Por este motivo queda expresamente excluída a aplicación da normativa tributaria con respecto á xestión, facturación, cobranza e reclamación dos mencionados ingresos.*

***Artigo 5.- Obrigados ao pago.***

*5.1. Están obrigadas ao pago das tarifas as persoas físicas ou xurídicas e as entidades con ou sen personalidade xurídica propia, as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúen unha comunidade económica ou un patrimonio separado susceptible de ser suxeito de dereitos e obrigacións que, sendo titulares do dereito de uso do predio abastecido, ostente a condición de abonados, é dicir, que sexa titular do contrato ou póliza de abono.*

*Son igualmente obrigados ao pago, en concepto de clientes, os peticionarios das acometidas, contratos e reconexións.*

*5.2. Sen prexuízo do disposto no apartado anterior, as persoas que ostenten esta condición de abonadas ou de peticionarias, obrigadas directas a satisfacer a contraprestación de que se trate, poderán repetir abonar sobre os ocupantes ou usuarios das predios beneficiarias dos servizos obxecto desta Ordenanza calquera que sexa o seu título: propietarios, usufructuarios, concesionarios de bens e/ou servizos públicos, titular de dereito de habitación ou arrendatario, mesmo en precario, xa se trate de título individual ou colectivo. Neste suposto, a Concesionaria é allea ás relacións que se establezan entre os afectados, limitándose a prestar o servizo que se solicite e percibir a contraprestación establecida polo mesmo na forma sinalada no parágrafo anterior, así como a adoptar as medidas que sobre o mesmo se establecen nesta norma e no Regulamento do Servizo.*

*5.3. Igualmente, están obrigados ao pago as persoas físicas ou xurídicas e as entidades:*

- *Cando se trate da concesión de acometidas á rede pública de abastecemento de auga: o propietario, usufructuario ou titular do dominio útil da predio.*

*5.4. En caso de separación do dominio directo e útil, a obrigación de pago recae sobre o titular deste último.*

***Artigo 6.- Cotas.***

***As cotas ou tipos tarifarios a satisfacer polo obrigado ao pago serán as resultantes da aplicación das seguintes tarifas:***

| SUBMINISTRO DE AUGA | TARIFAS |
|---|---|
| **DOMESTICO** | |
| Ata 30 m³/trimestre | 0,660000 €/m³ |
| de 31 a 60 m³/trimestre | 0,800000 €/m³ |
| > de 60 m³/trimestre | 0,900000 €/m³ |
| | |
| **COMERCIAL** | |
| Hasta 30 m³/trimestre | 0,720000 €/m³ |
| de 31 a 60 m³/trimestre | 0,860000 €/m³ |
| > de 60 m³/trimestre | 1,000000 €/m³ |
| | |
| **INDUSTRIAL** | |
| Hasta 30 m³/trimestre | 0,940000 €/m³ |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 27/01/2025 12:25:00) , Francisco Charlín Orons (FECHA: 27/01/2025 12:49:00)
Versión imprimible
CVD: +8bA31nxfhzPx7aVHEx2
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | |
|---|---|
| de 31 a 60 m³/trimestre | 1,060000 €/m³ |
| > de 60 m³/trimestre | 1,200000 €/m³ |
| | |
| **OBRAS** | |
| Hasta 30 m³/trimestre | 0,800000 €/m³ |
| de 31 a 60 m³/trimestre | 0,940000 €/m³ |
| > de 60 m³/trimestre | 1,060000 €/m³ |

***CONSERVACIÓN de acometidas de auga e contadores***

*As tarifas de conservación de acometidas de auga consistirán nunha cantidade fixa de 0.320000 €uros/mes/abonado e actuará a modo de financiamiento para o mantemento e conservación destas acometidas, de tal modo que no momento de que se produza calquera incidencia na mesma ou avaría non lle supoña custo algún ao abonado.*

*A tarifa de conservación de contadores consistirá nunha cantidade fixa de 0.340000 €uros/mes/abonado e actuará a modo de financiamiento para o mantemento e conservación do parque de contadores, de tal modo que no momento de prodúzase calquera avaría no mesmo, parada ou mesmo rotura non lle supoña custo algún ao abonado.*

| | | |
|---|---|---|
| *Conservación acometidas agua* | *0,320000* | *€/mes/ aboado* |
| *Conservación contadores* | *0,340000* | *€/mes/ aboado* |

*Nas anteriores tarifas de auga, non está incluído o IVE que, no seu caso, deber devindicarse conforme a normativa fiscal en vigor.*

***Artigo 7.- Obrigación de pago.***

*Devindícanse as cotas e nace a obrigación de pago cando se inicie a actividade que constitúe o seu suposto de esixibilidade, coas seguintes peculiaridades para cada un dos servizos:*

*7.1. Abastecemento de auga potable. Enténdese que nace a obrigación de pago cando se formalice o oportuno contrato ou póliza de abono, ou no seu caso, desde que teña lugar a efectiva acometida á rede de abastecemento municipal ou a mesma debese solicitarse ou realizado.*

*7.2. O nacemento da obrigación de pago da tarifa por esta última modalidade producirase con independencia de que se obtivo ou non a licenza de acometida e sen prexuízo da iniciación do expediente que poida tramitarse para a súa autorización.*

*7.3. A obrigación de pago polos servizos a que refírese o artigo 3.1.b., cando se trata de actividades ou servizos de tracto sucesivo ou aos que corresponde facturación periódica, nace cando no momento en que se formalice o contrato ou póliza de abono e, cando se trate de actividades puntuais, nace cando se solicita á Concesionaria correspondente servizo ou, no seu caso, cando pola mesma se realizan as actividades que dan dereito á súa exixibilidade.*

*7.4. Nos supostos de alta, baixa e cambio de titularidade, a tarifa se prorrateará por días naturais.*

***Artigo 8.- Periodicidade de facturación e prazos de pago.***

*8.1. A facturación, que terá unha periodicidade trimestral correspondente ás tarifas pola prestación dos servizos realizarase a través da empresa concesionaria, en recibo conxunto, no seu caso, con outras tarifas, taxas, tributos ou prezos públicos de titularidade de terceiros, tales como canons autonómicos, etc,. Poderase emitir facturas con periodicidade mensual, só para os grandes consumidores e sempre con carácter de voluntariedade.*

*8.2. No suposto de licenza de acometida ou outras actividades ou servizos non periódicos, o abonado ou usuario virá obrigado a presentar ante a Concesionaria a correspondente declaración ou solicitude, segundo modelo determinado por esta, que conterá os elementos imprescindibles para a facturación procedente. Neste caso, e demais supostos amparados polo artigo 3.1.b) a factura expedirase contra a solicitude de servizo ou cando pola Concesionaria se haxa realizado a actividade que dea lugar á obrigación de pago se a mesma debe realizarse de oficio e non a solicitude do abonado ou usuario.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 27/01/2025 12:25:00) , Francisco Charlín Orons (FECHA: 27/01/2025 12:49:00)
Versión imprimible
CVD: +8bA31nxfhzPx7aVHEx2
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

*8.3. Os importes facturados deberán satisfacerse dentro do período dun mes seguinte á data de emisión da factura. O atraso no pago determinará a aplicación do tipo de xuro legal do diñeiro, aplicable desde o día seguinte á finalización do período de pago voluntario.*

*8.4. O pago das débedas poderá realizarse na forma seguinte:*

*a) Para os obrigados ao pago que domiciliasen o pago das mesmas, mediante cargo na conta da entidade bancaria que sinalasen para o efecto.*

*b) Para os obrigados ao pago que non domiciliasen o pago das mesmas ou que facéndoo, por calquera causa non fose satisfeita a débeda, a través das diferentes canles habilitadas pola concesionaria.*

*8.5. As facturas non satisfeitas no período voluntario poderán ser reclamadas por correo certificado con acuse de recibo ou calquera outro medio que permita ter fehaciencia da recepción que poderá verse incrementada esta contía polo interese por moura ao tipo legal transcorridos 6 meses desde a finalización do período voluntario. No suposto de rexeitamento da notificación ou por deficiencias da dirección facilitada polo obrigado ao pago, especificaranse as circunstancias do intento da notificación e terase por efectuado o trámite, quedando expedita a súa reclamación pola vía xudicial ou o inicio do procedemento de corte de subministración, previa consulta cos Servizos Sociais Municipais, para evitar o corte de subministración a familias que poidan estar en situación de vulnerabilidade económica.*

*8.6. No caso no que por erro a Concesionaria facturase cantidades inferiores ás debidas, poderase acordar co usuario o prazo de pago.*

***Artigo 9. Exencións e bonificacións***

*1.- O Pleno da Corporación, previo informe dos servizos sociais poderá bonificar a contía do consumo mínimo das familias que así se determinen.*

***Artigo 10.- Facultade de inspección.***

*Os inspectores autorizados estarán facultados, para os efectos desta Ordenanza e do Regulamento do servizo, para visitar e inspeccionar predios e locais nos que se utilicen as instalacións correspondentes para conectarse ás redes municipais de abastecemento e saneamento, realizar toma de mostras, etc., observando se existe algunha irregularidade.*

*Terán a consideración de consumos clandestinos os que sen o preceptivo contrato ou póliza de abono ou, no seu caso, sen a correspondente autorización da Concesionaria, e consecuente pago das tarifas correspondentes, leven a cabo as utilizacións ou aproveitamento dos servizos establecidos no artigo 3 da presente Ordenanza.*

*Os actos clandestinos e calquera outros aos que correspondese tal cualificación, darán lugar á inmediata suspensión da subministración e prestación dos servizos, sen prexuízo das accións legais que poidan corresponder.*

*Con independencia do anterior, o usuario clandestino virá sempre obrigado a abonar o importe do servizo disposto e non pago, do que foi beneficiado polos servizos que correspondese, conforme a liquidación que se practique pola Concesionaria, ademais dos gastos inherentes á inspección e reposición dos elementos alterados ou danados.*

*DISPOSICIÓN FINAL*

*1.-A presente Ordenanza rexerá unha vez efectuada a publicación da súa aprobación definitiva, de acordo co previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local*

*2.-As referencias existentes no Regulamento do Servizo Municipal de abastecemento de auga potable á Ordenanza fiscal reguladora das taxas por subministración de auga potable e servizos complementarios entenderanse realizadas á presente Ordenanza non tributaria, tras a súa entrada en vigor.*

*DISPOSICIÓN DERROGATORIA*

*Á entrada en vigor da presente Ordenanza non tributaria quedará derrogada a Ordenanza fiscal reguladora das taxas por subministración de auga potable e servizos complementarios, que foi publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 286 el día 15 de decembro de 1998 así como as súas modificación posteriores.”*

**SEGUNDO.-** Expoñer o expediente a información pública e audiencia aos interesados, previo anuncio no taboleiro de anuncios do Concello e no BOP, por un prazo de 30 (trinta) días, para que poidan presentar as reclamacións e suxerencias que estimen oportunas, que de producirse deberán ser resoltas pola Corporación.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 27/01/2025 12:25:00) , Francisco Charlín Orons (FECHA: 27/01/2025 12:49:00)
Versión imprimible
CVD: +8bA31nxfhzPx7aVHEx2
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

**TERCEIRO.-** No suposto de que non se presenten reclamacións contra ao mesmo, entenderase automáticamente elevado a definitivo o acordo ata entón provisional, de conformidade co disposto no artigo 17.3 do TRLRFL.

**CUARTO.-** O acordo definitivo, ou o provisional elevado automáticamente a definitivo e o texto íntegro da ordenanza publicarase no Boletín Oficial da Provincia, non entrando en vigor en tanto non teña lugar dita publicación.

**4. RESOLUCIÓN ÁS RECLAMACIÓNS PRESENTADAS Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 6 REGULADDORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SUMIDOIROS.Expte. núm. 2024/G014/000001.**

Dase conta da seguinte proposta:

*"**PROPOSTA DE ALCALDÍA EN RELACIÓN Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 6, REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SUMIDOIRO***

*Por Acordo do Pleno con data de 30 de maio de 2024 aprobouse provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal nº 6, reguladora da taxa pola prestación do servizo de sumidoiros.*

*Con data de 5 xuño de 2024, o Acordo provisional foi sometido a exposición pública polo prazo de trinta días, para a presentación de reclamación e suxerencias, mediante anuncio no BOP da Coruña núm. 108.*

*Durante o período de exposición pública presentáronse cincuenta e cinco alegacións con idéntico contido por D. Don Fernando del Moral Regaldíe, como Concelleiro electo do Concello de Laxe, e por varios veciños do Concello de Laxe referidas ás seguintes cuestións:*

- *Impacto económico nos fogares.*
- *Falta de xustificación transparente.*
- *Alternativas de financiamiento.*
- *Mellora do servizo.*

*Con data de 19 de setembro de 2024, a través da Secretaría-Intervención do Concello de Laxe, valoráronse e informáronse as alegacións presentadas polos interesados*

*Considerando o disposto no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo; na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; na Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos; e na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sustentabilidade Financeira; este expediente estase a tramitar conforme a lexislación aplicable procedendo á súa aprobación polo Pleno de conformidade con artigo 22.2.d) da Lei 7/985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.*

*É polo que esta Alcaldía propón ao Pleno a adopción da seguinte:*

***PROPOSTA***

***PRIMEIRO:** DESESTIMAR as alegacións presentadas por D. Don Fernando del Moral Regaldíe, Concelleiro electo do Concello de Laxe, polas seguintes causas:*

*A)*

*O primeiro punto das alegacións céntrase no impacto económico que o incremento da taxa podería ter nos fogares, sobre todo nun contexto económico difícil que podería acentuar as desigualdades sociais.*

*Non obstante, destácase que a taxa non se modificou en 26 anos, salvo o cambio de moeda coa entrada do euro.*

*Segundo o artigo 24.2 do TRLHL, as taxas non poden superar o custo do servizo.*

*Pártese da premisa de que a prestación do servizo é deficitaria non alcanzando os obxectivos de sustentabilidade e eficiencia, pois o rendemento actual da tarifa dista do custo total do servizo non acadando que o importe da taxa tenda a cubrir o custo total do servizo.*

*No último ano, os ingresos obtidos procedentes do padrón de contribuíntes suxeitos á taxa pola prestación deste servizo ascenden só a 20.440,36 euros (1.943 recibos x 10,52 euros [1.750 pesetas] de taxa); mentres que os custos ordinarios para a prestación do servizo alcanzaron os*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 27/01/2025 12:25:00) , Francisco Charlín Orons (FECHA: 27/01/2025 12:49:00)
Versión imprimible
CVD: +8bA31nxfhzPx7aVHEx2
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

*60.351,64, tendo un déficit na prestación do servizo por importe de 39.911,28, o cal se tivo que facer fronte o Concello con outros recursos do orzamento.*

*B)*

*A seguinte cuestión fai referencia á falta de xustificación transparente para o incremento das tarifas e solicita unha análise financeira detallada que se comparta coa cidadanía.*

*Para comezar, o artigo 85.2 da Lei 7/1985, LRBRL, indica o seguinte:*

> *2. Os servizos públicos de competencia local terán que xestionarse da forma máis sosteñible e eficiente...*

*Á súa vez, o artigo 24, apartados 2 e 3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, TRLRHL, dispón que:*

> *2. En xeral, e de acordo co previsto no parágrafo seguinte, o importe das taxas pola prestación dun servicio ou pola realización dunha actividade non poderá exceder, no seu conxunto, do custo real ou previsible do servicio ou actividade de que se trate ou, no seu defecto, do valor da prestación recibida.*
>
> *Para a determinación do dito importe tomaranse en consideración os custos directos e indirectos, inclusive os de carácter financeiro, amortización do inmobilizado e, se é o caso, os necesarios para garanti-lo mantemento e un desenvolvemento razoable do servicio ou actividade pola prestación ou realización dos cal se esixe a taxa, todo isto con independencia do orzamento ou organismo que o satisfaga. O mantemento e desenvolvemento razoable do servizo ou actividade de que se trate calcularase de acordo co orzamento e proxecto aprobados polo órgano competente.*
>
> *3. A cota tributaria consistirá, segundo dispoña a correspondente ordenanza fiscal:*
>
> *a) A cantidade resultante de aplicar unha tarifa.*
> *b) Unha cantidade fixa sinalada para o efecto, ou*
> *c) A cantidade resultante da aplicación conxunta de ambos os procedementos.*

*E o artigo 25 da mesma Lei dispón o seguinte:*

> *Os acordos de establecemento de taxas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público, ou para financiar total ou parcialmente os novos servicios, deberanse adoptar á vista de informes técnico-económicos en que se poña de manifesto o valor de mercado ou a previsible cobertura do custo daquelas, respectivamente. O dito informe incorporarase ao expediente para a adopción do correspondente acordo.*

*Xunto cos preceptos da Lei de Facendas Locais, tense que traer a colación o Artigo 7, apartado 2 da Lei Orgánica 2/2012, LEPeSF:*

> *2. A xestión dos recursos públicos estará orientada pola eficacia, a eficiencia, a economía e a calidade, para cuxo fin se aplicarán políticas de racionalización do gasto e de mellora da xestión do sector público.*

*Por último, non débese facer alusión ao artigo 7 da Lei 8/1989, TPP, onde se recolle o principio de equivalencia das taxas:*

> *As taxas tenderán a cubrir o custo do servizo ou da actividade que constitúa o seu feito impoñible.*

*O expediente contén un informe técnico-económico, con data de 16 de maio de 2024 e subscrito pola Secretaria-Intervención, no que se detalla o custo do servizo e o rendemento da tarifa, insuficiente para cubrir o custo total, xerando un déficit de 39.911,28 euros que foi sufragado con outros recursos do orzamento municipal.*

*Polo tanto, a xustificación do incremento da tarifa parte da necesidade de reducir este déficit e garantir o adecuado mantemento do servizo.*

*C)*

*O terceiro punto das alegacións presentadas suxire que existen alternativas de financiamiento menos gravosa.*

*Para comezar, tense que partir do artigo 26.1.a) da Lei 7/1985, LRBRL, en base ao cal a prestación do servizo de sumidoiros é obrigatorio para todos os Concellos.*

*Dito o anterior, ao ser tanto o mantemento como a mellora do sumidoiro unha competencia municipal ineludible, é deber do Concello garantir un servicio eficiente e de calidade aos seus*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 27/01/2025 12:25:00) , Francisco Charlín Orons (FECHA: 27/01/2025 12:49:00)
Versión imprimible
CVD: +8bA31nxfhzPx7aVHEx2
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

*cidadáns, e isto implica asumir os custos asociados. Recorrer a outras Administracións ou desviar fondos doutras áreas esenciais do municipio podería comprometer a calidade doutros servizos públicos.*
*A xestión do servizo de sumidoiros ten que ser unha decisión autónoma, según as necesidades locais, e en función de fondos externos podería limitar a capacidade do municipio para atender as demandas dos seus cidadáns.*
*D)*
*O último punto das alegacións incide en que non se indicou se este incremento iría acompañado dunha mellora tanxible no servizo de sumidoiros.*
*De acordo co artigo 1.1 da Lei 7/1985, LRBRL, os Municipios xestionan con autonomía os intereses propios de cadansúas colectivididades. Xunto con esta idea de autonomía á que fai referencia o precepto aludido, o artigo 6.1 da mesma Lei enumera os principios de actuación polos cales se rixen as Entidades Locais, onde se encontra o principio de eficacia. Por último, non débese esquecer que o servizo de sumidoiro é de obrigada prestación para todos os Concellos.*
*Como se dixo anteriormente, é deber do Concello garantir un servizo eficiente e de calidade aos seus cidadáns, e iso implica asumir todos os custos asociados. A existencia dun desfase importante entre gastos e ingresos implica desviar fondos doutras zonas áreas esenciais do Concello, o que compromete a calidade deste e doutros servizos.*
*Para garantir un servizo eficiente e sostible a longo prazo, é necesario establecer unha tarifa que tenda a cubrir o custo do servizo, o principio de equivalencia, recollido no artigo 7 da Lei de tarifas e prezos públicos, sen que se contradiga o artigo 24.2 do TRLRHL.*
*O incremento proposto vai destinado directamente ao mantemento, conservación e reparación do servizo de sumidoiros, sen que estea previsto no estudo realizado a mellora da prestación mediante a mellora das infraestructuras, pretender isto suporía un incremento da taxa moi superior ao proposto.*
***SEGUNDO:** APROBAR con carácter definitivo, a modificación na imposición da taxa e a redacción definitiva da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de sumidoiros.*
***TERCEIRA:** PUBLICAR o devandito Acordo definitivo e o texto íntegro da modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello, con aplicación a partir da data sinalada pola devandita Ordenanza. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello: https://sede.laxe.es/sxc/gl/*
***CUARTA:** NOTIFICAR este Acordo a todos aqueles que presentasen alegacións durante o período de información pública.*

O alcalde explica que o servizo é deficitario e que o incremento suporía 2,05 euros por mes e vivenda. Por este motivo propón a desestimación das reclamacións presentadas. Indica que consta no expediente o informe económico financeiro.
Dona Cristina Vázquez del Prisco, concelleira do BNG manifesta que ainda que debe subirse debería ser de forma paulatina.
O sr. alcalde contéstalle que a suba non supón un impacto importante.
Non habendo máis intervencións, sométese a votación a proposta de Alcaldía, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** 6 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Daniel Mata Martínez, Don Eulogio Constantino Castiñeira e Dona Begoña Gegúndez Allo)
**VOTOS EN CONTRA:** 3 [2 do BNG (Dona María Cristina Vázquez del Prisco e Dona Isabel María Toja Toja) e 1 do Grupo Mixto (Don Don Fernando del Moral Regaldíe representante de UNIDAS PODEMOS)]

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 27/01/2025 12:25:00) , Francisco Charlín Orons (FECHA: 27/01/2025 12:49:00)
Versión imprimible
CVD: +8bA31nxfhzPx7aVHEx2
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

**ABSTENCIÓNS: 0**

Polo tanto, queda aprobado o seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO:** DESESTIMAR as alegacións presentadas por D. Don Fernando del Moral Regaldíe, Concelleiro electo do Concello de Laxe, polas seguintes causas:

A)

O primeiro punto das alegacións céntrase no impacto económico que o incremento da taxa podería ter nos fogares, sobre todo nun contexto económico difícil que podería acentuar as desigualdades sociais.
Non obstante, destácase que a taxa non se modificou en 26 anos, salvo o cambio de moeda coa entrada do euro.
Segundo o artigo 24.2 do TRLHL, as taxas non poden superar o custo do servizo.
Pártese da premisa de que a prestación do servizo é deficitaria non alcanzando os obxectivos de sustentabilidade e eficiencia, pois o rendemento actual da tarifa dista do custo total do servizo non acadando que o importe da taxa tenda a cubrir o custo total do servizo.
No último ano, os ingresos obtidos procedentes do padrón de contribuíntes suxeitos á taxa pola prestación deste servizo ascenden só a 20.440,36 euros (1.943 recibos x 10,52 euros [1.750 pesetas] de taxa); mentres que os custos ordinarios para a prestación do servizo alcanzaron os 60.351,64, tendo un déficit na prestación do servizo por importe de 39.911,28, o cal se tivo que facer fronte o Concello con outros recursos do orzamento.

B)

A seguinte cuestión fai referencia á falta de xustificación transparente para o incremento das tarifas e solicita unha análise financeira detallada que se comparta coa cidadanía.
Para comezar, o artigo 85.2 da Lei 7/1985, LRBRL, indica o seguinte:

> 2. Os servizos públicos de competencia local terán que xestionarse da forma máis sosteñible e eficiente…

Á súa vez, o artigo 24, apartados 2 e 3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, TRLRHL, dispón que:

> 2. En xeral, e de acordo co previsto no parágrafo seguinte, o importe das taxas pola prestación dun servicio ou pola realización dunha actividade non poderá exceder, no seu conxunto, do custo real ou previsible do servicio ou actividade de que se trate ou, no seu defecto, do valor da prestación recibida.
> Para a determinación do dito importe tomaranse en consideración os custos directos e indirectos, inclusive os de carácter financeiro, amortización do inmobilizado e, se é o caso, os necesarios para garanti-lo mantemento e un desenvolvemento razoable do servicio ou actividade pola prestación ou realización dos cal se esixe a taxa, todo isto con independencia do orzamento ou organismo que o satisfaga. O mantemento e desenvolvemento razoable do servizo ou actividade de que se trate calcularase de acordo co orzamento e proxecto aprobados polo órgano competente.
> 3. A cota tributaria consistirá, segundo dispoña a correspondente ordenanza fiscal:
> d) A cantidade resultante de aplicar unha tarifa.
> e) Unha cantidade fixa sinalada para o efecto, ou
> f) A cantidade resultante da aplicación conxunta de ambos os procedementos.

E o artigo 25 da mesma Lei dispón o seguinte:

> Os acordos de establecemento de taxas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público, ou para financiar total ou parcialmente os novos servicios, deberanse adoptar á vista de informes técnico-económicos en que se poña de manifesto o valor de mercado ou a previsible cobertura do custo daquelas, respectivamente. O dito informe incorporarase ao expediente para a adopción do correspondente acordo.

Xunto cos preceptos da Lei de Facendas Locais, tense que traer a colación o Artigo 7, apartado 2 da Lei Orgánica 2/2012, LEPeSF:

> 2. A xestión dos recursos públicos estará orientada pola eficacia, a eficiencia, a economía

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 27/01/2025 12:25:00) , Francisco Charlín Orons (FECHA: 27/01/2025 12:49:00)
Versión imprimible
CVD: +8bA31nxfhzPx7aVHEx2
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

e a calidade, para cuxo fin se aplicarán políticas de racionalización do gasto e de mellora da xestión do sector público.

Por último, non débese facer alusión ao artigo 7 da Lei 8/1989, TPP, onde se recolle o principio de equivalencia das taxas:

As taxas tenderán a cubrir o custo do servizo ou da actividade que constitúa o seu feito impoñible.

O expediente contén un informe técnico-económico, con data de 16 de maio de 2024 e subscrito pola Secretaria-Intervención, no que se detalla o custo do servizo e o rendemento da tarifa, insuficiente para cubrir o custo total, xerando un déficit de 39.911,28 euros que foi sufragado con outros recursos do orzamento municipal.

Polo tanto, a xustificación do incremento da tarifa parte da necesidade de reducir este déficit e garantir o adecuado mantemento do servizo.

C)

O terceiro punto das alegacións presentadas suxire que existen alternativas de financiamiento menos gravosa.

Para comezar, tense que partir do artigo 26.1.a) da Lei 7/1985, LRBRL, en base ao cal a prestación do servizo de sumidoiros é obrigatorio para todos os Concellos.

Dito o anterior, ao ser tanto o mantemento como a mellora do sumidoiro unha competencia municipal ineludible, é deber do Concello garantir un servicio eficiente e de calidade aos seus cidadáns, e isto implica asumir os custos asociados. Recorrer a outras Administracións ou desviar fondos doutras áreas esenciais do municipio podería comprometer a calidade doutros servizos públicos.

A xestión do servizo de sumidoiros ten que ser unha decisión autónoma, según as necesidades locais, e en función de fondos externos podería limitar a capacidade do municipio para atender as demandas dos seus cidadáns.

D)

O último punto das alegacións incide en que non se indicou se este incremento iría acompañado dunha mellora tanxible no servizo de sumidoiros.

De acordo co artigo 1.1 da Lei 7/1985, LRBRL, os Municipios xestionan con autonomía os intereses propios de cadansúas colectivididades. Xunto con esta idea de autonomía á que fai referencia o precepto aludido, o artigo 6.1 da mesma Lei enumera os principios de actuación polos cales se rixen as Entidades Locais, onde se encontra o principio de eficacia. Por último, non débese esquecer que o servizo de sumidoiro é de obrigada prestación para todos os Concellos.

Como se dixo anteriormente, é deber do Concello garantir un servizo eficiente e de calidade aos seus cidadáns, e iso implica asumir todos os custos asociados. A existencia dun desfase importante entre gastos e ingresos implica desviar fondos doutras zonas áreas esenciais do Concello, o que compromete a calidade deste e doutros servizos.

Para garantir un servizo eficiente e sostible a longo prazo, é necesario establecer unha tarifa que tenda a cubrir o custo do servizo, o principio de equivalencia, recollido no artigo 7 da Lei de tarifas e prezos públicos, sen que se contradiga o artigo 24.2 do TRLRHL.

O incremento proposto vai destinado directamente ao mantemento, conservación e reparación do servizo de sumidoiros, sen que estea previsto no estudo realizado a mellora da prestación mediante a mellora das infraestructuras, pretender isto suporía un incremento da taxa moi superior ao proposto.

**SEGUNDO:** APROBAR con carácter definitivo, a modificación na imposición da taxa e a redacción definitiva da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de sumidoiros.

**TERCEIRA:** PUBLICAR o devandito Acordo definitivo e o texto íntegro da modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello, con aplicación a partir da data sinalada pola devandita Ordenanza. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 27/01/2025 12:25:00) , Francisco Charlín Orons (FECHA: 27/01/2025 12:49:00)
Versión imprimible
CVD: +8bA31nxfhzPx7aVHEx2
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

https://sede.laxe.es/sxc/gl/
**CUARTA:** NOTIFICAR este Acordo a todos aqueles que presentasen alegacións durante o período de información pública.

**5. ADHESIÓN DESTE CONCELLO DE LAXE Á ASOCIACIÓN COSTA DA MORTE GDR. Expte. núm. 2024/X999/000037.**
Dase conta da seguinte proposta:

*"Francisco Charlín Oróns, alcalde do Concello de Laxe, ó abeiro do establecido no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, somete á consideración do Pleno da Corporación para o seu debate e a súa aprobación o seguinte acordo relacionado coa adhesión deste Concello de Laxe á Asociación Costa da Morte GDR*
***EXPOSICIÓN DE MOTIVOS***
*A Asociación Costa da Morte GDR constitúe unha canle para ser o núcleo de integración e representación dos diferentes axentes territoriais, institucionais, sociais e económicos, tanto públicos como privados, interesados en promover o desenvolvemento da Costa da Morte.*
*A asociación ten como zona de actuación os termos municipais dos Concellos de Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, Carnota, Cee, Corcubión, Coristanto, Dumbría, Fisterra, A Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Muxía, Ponteceso, Vimianzo e Zas.*
*Esta asociación contribuirá, entre otros, a ser un foro de debate sobre os problemas da zona, prestando especial atención aos mozos, ás mulleres, á protección do ambiente e á creación de emprego; sensibilizar aos distintos tipos de administración territoriais canalizando as demandas da poboación da zona co fin de optimizar o aproveitamento dos recursos propios da zona de cara a un desenvolvemento harmónico e integral; potenciar, revalorizar e preservar os recursos naturais, culturais, históricos e artísticos da Costa da Morte; concienciar á poboación da necesidade de protección do medio ambiente e contorno rural, así como adoptar medidas neste ámbito ...*
*Ao abeiro do dereito de asociación recoñecido no artigo 22 da Constitución, a asociación é unha organización dotada personalidade xurídica integrada por unha diversidade de persoas, físicas ou xurídicas, que, mediante un pacto asociativo, dedícase de forma permanente á consecución de determinados fins sen finalidade de lucro.*
*Consta que Costa da Morte GDR é unha asociación legalmente válida, inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia con número 2009/13741-1.*
*A asociación está integrada polos seguintes órganos: a Asemblea Xeral, a Xunta Directiva e as Mesas Sectoriais como órganos colexiados; e Presidente/a, Vicepresidente/a, Secretario/a e Tesoureiro/a como órganos unipersonais. A Asemblea Xeral é o órgano encargado, principalmente, da aprobación das contas do exercicio anterior e do orzamento do exercicio seguinte; nomeamento dos membros da Xunta Directiva, acordar a contía das cotas de ingreso e periódicas e decidir sobre cantas cuestión afecten á boa marcha da entidade que sexan sometidas a súa consideración pola Xunta Directiva ou polos asociados como rogo ou pregunta.*
*Será a Xunta Directiva, como órgano con facultades xestores, executivas e de representación da Asociación, o encargado, entre otros, de executar os acordos da asamblea xeral, acordar e executar as accións de goberno e administración da asociación, propoñer a concesión de proxectos de axudas e adoptar as medidas precisas para o cumprimento dos fins estatutarios e, en xeral, para a boa marcha da asociación.*
*Coa adquisición da condición de asociado, o Concello de Laxe poderá intervir na elección dos órganos do goberno da asociación, participar con voz e voto nos asuntos da Asemblea Xeral e participar nas actividades da asociación.*
*A asociación carece de ánimo de lucro. O seu patrimonio vai estar constituído por achegas*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 27/01/2025 12:25:00) , Francisco Charlín Orons (FECHA: 27/01/2025 12:49:00)
Versión imprimible
CVD: +8bA31nxfhzPx7aVHEx2
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*económicas dos asociados; doazóns, subvencións, legados e herdanzas; resultados económicos que se poidan producir polas actividades organizadas polas entidades; así como otros ingresos permitidos pola lexislación vixente. Os beneficios que obteña por calquera concepto destinaranse exclusivamente ao cumprimento dos fins da asociación, sen que se poidan repartir entre os asociados nin outras persoas físicas ou xurídicas con fin lucrativo.*
*O Concello, na condición de asociado, deberá satisfacer unha cota de 500 € anuais. O incumprimento grave e reiterado desta obriga pode provocar a perda da condición de asociado. A baixa da asociación por calquera motivo non exime ao asociado de satisfacer as obrigas e compromisos de calquera natureza que tivera pendentes.*
*Por todas estas razóns, elévase para a súa aprobación ao Pleno Municipal desta corporación o seguinte:*
***ACORDO***

1. *Aprobar a adhesión do Concello de Laxe á Asociación Costa da Morte GDR e satisfacer a cota de 500 € anuais con cargo á partida orzamentaria 2024.170.226.99.*
2. *Designar ao alcalde e á concelleira delegada de Turismo e Cultura como representantes do Concello de Laxe na Asemblea Xeral de Costa da Morte GDR.*
3. *Facultar ao alcalde para asinar o acordó de adhesión e para realizar os trámites administrativos necesarios que se deriven da integración do Concello de Laxe dentro da asociación sen fin lucro Costa da Morte GDR.”*

Tras breves intervencións, sométese a votación, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** 9 [(6 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Daniel Mata Martínez, Don Eulogio Constantino Castiñeira e Dona Begoña Gegúndez Allo) 2 do BNG (Dona María Cristina Vázquez del Prisco e Dona Isabel María Toja Toja) 1 do Grupo Mixto (Don Don Fernando del Moral Regaldíe representante de UNIDAS PODEMOS)]
**VOTOS EN CONTRA:** 0
**ABSTENCIÓNS**: 0
Polo tanto queda aprobado o seguinte ACORDO:

1. Aprobar a adhesión do Concello de Laxe á Asociación Costa da Morte GDR e satisfacer a cota de 500 € anuais con cargo á partida orzamentaria 2024.170.226.99.
2. Designar ao alcalde e á concelleira delegada de Turismo e Cultura como representantes do Concello de Laxe na Asemblea Xeral de Costa da Morte GDR.
3. Facultar ao alcalde para asinar o acordó de adhesión e para realizar os trámites administrativos necesarios que se deriven da integración do Concello de Laxe dentro da asociación sen fin lucro Costa da Morte GDR.

## B) PARTE DE CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

### 6. MOCIÓNS DOS GRUPOS MUNICIPAIS.

Intervén o sr. alcalde indicando que tanto a moción que presentou o PSdeG-PSOE pola limpeza da Lagoa do río de Traba e do Rego de Val, como a moción do BNG relativa ao servizo de asistencia técnica do concello, as considera como rogos e non coma mocións polo que invita aos grupos a presentalas como tales.

**6.1. Moción de PsdeG-PSOE pola que se solicita a solicita a asignación de profesores de educación especial para o CPI Plurilingüe Cabo da Area. Expte. núm.**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 27/01/2025 12:25:00) , Francisco Charlín Orons (FECHA: 27/01/2025 12:49:00)
Versión imprimible
CVD: +8bA31nxfhzPx7aVHEx2
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

**2024/G006/000024.**

Don Don Fernando del Moral Regaldíe, integrante do Grupo Mixto e representante de UNIDAS-PODEMOS, manifesta que non é unha moción del, senón do outro integrante do Grupo Mixto, Don Francisco José Vidal Castro.
Dona Isabel María Toja Toja, concelleira do BNG propón deixala sobre a mesa xa que é unha moción igual ca do seu grupo.
Estando todos os concelleiros dacordo, deixan a moción sobre a mesa.

**6.2. Moción do BNG pola que se solicita a incorporación inmediata de profesorado especialista no CPI Plurilingüe Cabo da Area. Expte. núm. 2024/G006/000027.**

Dase conta da moción presentada,

*"María Cristina Vázquez del Prisco, con DNI 47359223S, en calidade de concelleira-portavoz do Bloque Nacionalista Galego (BNG) adscrita ao grupo municipal do BNG, ao abeiro do art.97.3 do RD 2569/86 (ROF) presenta, para a súa consideración e debate no vindeiro Pleno Ordinario do día 28 de setembro, a seguinte*
*MOCIÓN:*
*EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*
*O noso sistema educativo basease no principio de normalización e inclusión, establecendo no artigo 71 da LOMLOE que a escolarización do alumnado que presente dificultades de aprendizaxe rexerase por ese fundamento, e asegurará a súa non discriminación e a igualdade efectiva no acceso e permanencia no mesmo. Esta mesma lei define ao alumnado con necesidades educativas especiais como aqueles que requiran, por un período de escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conducta.*
*Segundo a publicación da resolución definitiva de adxudicación de destinos provisionais entre o persoal de corpos docentes para o curso académico 2024/2025, ao CPI Plurilingüe Cabo da Area non lle foi asignado ningún docente especialista en Audición e Linguaxe, pese a que dita vacante foi solicitada previamente polo centro educativo en tempo e forma. Nos cursos anteriores, o CPI Plurilingüe Cabo da Area contou con profesorado especialista en AL compartido con outros centros e durante o período lectivo 2023-2024, foille asignada unha vacante completa, tras valorar as múltiples necesidades específicas de apoio educativo do alumnado do centro.*
*Comezado xa o curso, non houbo adxudicacións adicionais neste senso no centro educativo, polo tanto a Consellería de Educación está a deixar ás crianzas con necesidades educativas especiais do noso Concello nunha situación de maior desventaxa, sendo agraviadas pola propia administración ao non cumprirse:*
*- A ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*
*- A propia LOMLOE como xa sinalamos ao principio desta moción*
*Grupo municipal BNG de Laxe*
*bloquedelaxe@gmail.com*
*- Os diferentes curriculos de cada unha das etapas educativas que se ofertan no centro (segundo ciclo de Ed. Infantil, Ed. Primaria e Ed. Secundaria Obrigatoria).*
*Esta situación é insostible para as crianzas e equipo educativo que ven cómo non teñen medios suficientes para ofrecer unha ensinanza de calidade e adaptada ás características de cada un dos nenos e nenas de Laxe. Un sistema educativo plenamente inclusivo e de calidade non pode carecer da dotación dos recursos humanos que se precisan para a formación e correcta evolución do alumnado e que xa foron concedidos durante o curso anterior.*
*Sen esquecer que no CPI Plurilingüe Cabo da Area, hai un 20% de alumnado con necesidades*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 27/01/2025 12:25:00) , Francisco Charlín Orons (FECHA: 27/01/2025 12:49:00)
Versión imprimible
CVD: +8bA31nxfhzPx7aVHEx2
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

*específicas de apoio educativo. A maioría destes/as estudantes conta con diagnósticos procedentes de especialistas da sanidade pública, derivacións específicas de Atención Temperá (U.D.I.A.F.) e diversos graos de discapacidade recoñecidos.*
*De no atopar unha solución rápida a Consellería estará deixando de lado non só a ese 20% de alumnas e alumnos, se non ás súas familias, ao centro e comunidade educativa en xeral, e por extensión repercutirá en moitos niveis municipais, xa que logo, unha escola inclusiva, con recursos e que poda ofertar unha educación de calidade é un beneficio para toda a sociedade.*
*Por todo o anteriormente exposto o Grupo Municipal do BNG propón a adpoción do seguinte*
*ACORDO*
*O Pleno da corporación municipal do Concello de Laxe acorda por UNANIMIDADE solicitará Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia e á Xefatura Territorial a incorporación inmediata do profesorado especialista de Audión e Linguaxe que non só é necesario se non que lle corresponde polas características*
*propias do alumnado do centro da nosa vila."*

Dona Isabel María Toja Toja, concelleira do BNG explica os motivos e indica que se debe facer forza de forma conxunta.
O sr. Alcalde manifesta que a intención grupo goberno é a mesma e indica que un AL é necesario pero tamén hai que valorar que hai dous PT e que o programa APROA probablemente designe outro AL.
Dona Cristina Vázquez del Prisco, concelleira do BNG considera que non é a solución que de outubro a maio é unha tirita e que non se pode quedar ahí, que debería estar en plantilla.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación a moción proposta, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** 9 [(6 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Daniel Mata Martínez, Don Eulogio Constantino Castiñeira e Dona Begoña Gegúndez Allo) 2 do BNG (Dona María Cristina Vázquez del Prisco e Dona Isabel María Toja Toja) 1 do Grupo Mixto (Don Fernando del Moral Regaldíe representante de UNIDAS PODEMOS)]
**VOTOS EN CONTRA:** 0
**ABSTENCIÓNS**: 0

Polo tanto queda sobre aprobada a moción proposta:

O Pleno da corporación municipal do Concello de Laxe acorda por UNANIMIDADE solicitar á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia e á Xefatura Territorial a incorporación inmediata do profesorado especialista de Audición e Linguaxe que non só é necesario se non que lle corresponde polas características propias do alumnado do centro da nosa vila.

**6.3. Moción do BNG en canto ao incremento do canon de SOGAMA para 2025. Expte. núm. 2024/G006/000027.**

***"María Cristina Vázquez del Prisco, con DNI 47359223S, en calidade de concelleira-portavoz do Bloque Nacionalista Galego (BNG) adscrita ao grupo municipal do BNG, ao abeiro do art.97.3 do RD 2569/86 (ROF) presenta, para a súa consideración e debate no vindeiro Pleno Ordinario do día 28 de setembro, a seguinte***
***MOCIÓN:***
***EXPOSICIÓN DE MOTIVOS***
*O anuncio da Xunta de Galiza do incremento do canon de SOGAMA para 2025, logo da suba xa aprobada en xullo de 2024, suporía un incremento acumulado de máis do 60%: o canon tipo*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 27/01/2025 12:25:00) , Francisco Charlín Orons (FECHA: 27/01/2025 12:49:00)
Versión imprimible
CVD: +8bA31nxfhzPx7aVHEx2
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

*pasaría dos 68 euros/tonelada da primeira metade de 2024 (coa bonificación do 15% máis de 100 concellos pagaban 56 euros) aos 108 euros en 2025. Un auténtico sablazo e un atraco que merece unha resposta contundente por parte dos concellos.*
*No outono de 2022 a Xunta incluiu no borrador de orzamentos para 2023 a supresión da bonificación do 10% do canon para aqueles concellos que implantasen a recollida separada dos biorresiduos e repercutisen a bonificación nos recibos que paga a veciñanza. Logo dun rexeitamento xeneralizado en vésperas das municipais, Rueda anunciou no parlamento o incremento da bonificación até o 15% nos concellos con recollida separada de biorresiduos e quinto colector ou colector marrón, medida que se comezou a aplicar no ano 2023.*
*A mediados do ano 2024 a Xunta elimina a bonificación e incrementa o canon nun 30%, dos 68 aos 88 euros por tonelada (os concellos con bonificación do 15% pagaban 56 euros por tonelada). E agora anuncia un novo taxazo para 2025 que elevaría a factura até os 108 euros (suponse que a medida se tramitará na lei de acompañamento dos orzamentos de 2025).*
*Desde o BNG consideramos que este incremento unilateral, desproporcionado e abusivo do canon aos concellos é consecuencia do fracaso estrepitoso do sistema SOGAMA, baseado en solucións finalistas como a incineración e o depósito en vertedoiro, penalizados pola normativa europea de residuos.*
*A Xunta xustifica a necesidade deste incremento polo desfase nas contas de SOGAMA como consecuencia de decisións do goberno central, que tiveron unha repercusión de 21,3 millóns de euros nas contas da empresa en 2023. Ainda que a Xunta procure excusas e xustificacións externas, a causa do desfase económico de SOGAMA e dos seus números vermellos é a ineficiencia e o elevado custo do transporte, a xestión centralizada e a incineración de residuos, e, sobre todo, o erro que supón optar en exclusiva pola opción absolutamente superada da incineración.*
*O modelo de Sogama é obsoleto, centralizado e antiecolóxico, como demostra o feito de que Galiza se sitúe á cola en reciclaxe, lonxe aínda dos criterios que marca Europa, pois a porcentaxe de reciclaxe en Sogama no 2020 foi do 21%, cando a UE marcaba case o 50%. Somos a segunda peor comunidade do Estado en cifras de reciclaxe, xa que o propio plan da Xunta prorrogado até 2022,*
***Grupo municipal BNG de Laxe***
***bloquedelaxe@gmail.com***
*establecía a necesidade de tratar mediante compostaxe 245.000 toneladas cando a cifra oficial de 2022 apunta a que só se chegou ás 3.000.*
*En lugar de abrir un debate sobre a cuestión dos residuos e introducir cambios no sistema de xestión para adaptado ás esixencias da directiva marco de residuos, a Xunta opta por facerlle pagar aos concellos o fracaso dun sistema centralizado, obsoleto, moi costoso e antiecolóxico. A Xunta opta pola solución fácil dun novo sablazo aos concellos, seguindo coa súa especialidade de buscar culpables en lugar de propoñer solucións. O novo taxazo anunciado para o 2025 (que levará o canon a 108 euros por tonelada), o que supón un incremento total de máis do 60% de media en poucos meses (o incremento é maior para os máis de 100 concellos que pagaban un canon bonificado de 56 euros por tonelada a cambio de implantar a recollida separada dos biorresiduos.*
*Para evitar esas perniciosas consecuencias para o Concello, O Grupo Municipal do BNG propón ao resto da corporación a adopción do seguinte*
*ACORDO*
*1. Rexeitamento aos taxazos de SOGAMA (o aprobado en xullo e o anunciado para 2025) que a Xunta de Galiza pretende aprobar.*
*2. Instar a un xiro na política de residuos, primando e incentivando a recollida selectiva, a reutilización e a reciclaxe, fronte ao costoso e antiecolóxico sistema SOGAMA baseado na incineración*
*3. Solicitar creación dunha comisión de traballo entre SOGAMA, as consellerías de Medio Ambiente e Facenda e a FEGAMP, para determinar as condicións do Canon para o ano 2025 -*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 27/01/2025 12:25:00) , Francisco Charlín Orons (FECHA: 27/01/2025 12:49:00)
Versión imprimible
CVD: +8bA31nxfhzPx7aVHEx2
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

*antes da aprobación do Proxecto de Orzamentos da Comunidade Autónoma para ese ano – e debater sobre o cambio de modelo de xestión de residuos en Galiza, incluíndo o debate sobre a fórmula que permita a cada concello, con independencia da súa dimensión, acceder á redución do canon e valorando para a aplicación desa redución o compromiso de cada concello na aplicación da*
*compostaxe individual ou comunitaria, ou financiando modelos de xestión alternativos nos que se debe primar o tratamento de proximidade dos biorresiduos, con sistemas de compostaxe domiciliaria e comunitaria.”*

O señor alcalde resposta que primeiro se lle debe exixir ó Estado que quite eses impostos e despois a SOGAMA para que estableza as taxas adecuadas.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación a moción proposta, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** 3 [2 do BNG (Dona María Cristina Vázquez del Prisco e Dona Isabel María Toja Toja) 1 do Grupo Mixto (Don Don Fernando del Moral Regaldíe representante de UNIDAS PODEMOS)]
**VOTOS EN CONTRA:** 6 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Daniel Mata Martínez, Don Eulogio Constantino Castiñeira e Dona Begoña Gegúndez Allo
**ABSTENCIÓNS**: 0

Queda polo tanto rexeitada á moción proposta.

**7. DACIÓN CONTA DECRETOS DA ALCALDÍA. Expte. Núm. 2024/G003/000025.**
En cumprimento do disposto no artigo 42 do RD 2568/1986, do 289 de Novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dase conta ao Pleno das Resolucións en extracto adoptadas pola alcaldía dende a convocatoria da última sesión do Pleno ordinario ata a convocatoria da sesión de hoxe.

| Nº Decreto | Nº de Expediente | Asunto |
|---|---|---|
| 00509/2024 | 2024/G003/000528 | LIQUIDACIÓN DO IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO (IVE) SEGUNDO TRIMESTRE 2024 |
| 00510/2024 | 2024/G003/000525 | CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 18 DE XULLO DE 2024 |
| 00511/2024 | 2024/G003/000527 | LIQUIDACION RETENCIÓNS IRPF SEGUNDO TRIMESTRE 2024 |
| 00512/2024 | 2024/G003/000529 | APROBACIÓN DA APORTACION MUNICIPAL AOS SEGUROS SOCIAIS DO MES DE XUÑO 2024 |
| 00513/2024 | 2024/G003/000530 | APROBACIÓN LIQUIDACIÓN DEFINITIVA DE RECADACIÓN EXECUTADA NO 2023 POLO SERVIZO DE RECADACIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL A CORUÑA |
| 00514/2024 | 2024/G003/000532 | SOLICITUDE DE BAIXA NO VADO LABORAL SITO NA R/ VILLA AMPARO, NÚM. 61, BAIXO, LAXE,F ORMULADA POR H.R.S. |
| 00515/2024 | 2024/G003/000531 | CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO DE CONTRATO MENOR, DAS OBRAS DE MELLORA DA ENVOLVENTE EXTERIOR DA ESCOLA UNITARIA DE TRABA, CONCELLO DE LAXE (SUBVENCIONADO POLA DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 27/01/2025 12:25:00) , Francisco Charlín Orons (FECHA: 27/01/2025 12:49:00)
Versión imprimible
CVD: +8bA31nxfhzPx7aVHEx2
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | |
|---|---|---|
| | | LOCAL |
| 00516/2024 | 2024/G003/000533 | SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE NO PADRÓN DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SOLIDIOS URBANOS E SUMIDOIROS DUN LOCAL SITO NA PRAZA DE RAMÓN JUEGA, 5, LAXE, FORMULADA POR C.A.V. |
| 00517/2024 | 2024/G003/000534 | CONVOCATORIA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 18 DE XULLO DE 2024 |
| 00518/2024 | 2024/G003/000535 | APROBACION DA RELACION DE FACTURAS F/2024/27 |
| 00519/2024 | 2024/G003/000536 | APROBACIÓN DA RELACIÓN FACTURAS F/2024/28. CANON AUGA XUNTA |
| 00520/2024 | 2024/G003/000550 | MODIFICACIÓN DE CRÉDITO AO PRESUPOSTO MUNICIPAL PRORROGADO DE 2022 PARA 2024 POR INCORPORACION DE REMANENTES DO EXERCICIO ANTERIOR CON CARGO A REMANENTE PARA GASTOS XERAIS |
| 00521/2024 | 2024/G003/000549 | ADXUDICACIÓN DA OBRA DE SANEAMENTO DE TRABA Á EMPRESA MANTIDO |
| 00522/2024 | 2024/G003/000538 | SOLICITUDE DE ALTA NO PADRÓN DATA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E SUMIDOIROS DE LOCAL SITO NA R/ ROSALÍA DE CASTRO, NÚM. 10, LAXE, FORMULADA POR C.C.A. |
| 00523/2024 | 2024/G003/000539 | Solicitud General a nombre de L.F.V.G.. Solicita: EL CAMBIO DE TITULAR PARA LOS SERVICIOS DE ALCANTARILLADO Y RECOGIDA DE BASURAS A PARTIR DE LA FECHA DE LA COMPRA-VENTA (12/06/2024) Y ACTUALIZACIÓN DE DIRECCIÓN POSTAL P |
| 00524/2024 | 2024/G003/000540 | SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDA DOS PADRÓNS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SOLIDOS URBANOS NO RURAL DE L.V.P. |
| 00525/2024 | 2024/G003/000541 | SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE PADRÓNS DE TAXAS E PREZOS PÚBLICOS DE DON C.B.S. |
| 00526/2024 | 2024/G003/000542 | SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE NA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SOLIDOS URBANOS E SUMIDOIROS DUNHA VIVENDA SITA NA R/ ISIDRO PARGA PONDAL, NÚM .21, 2º DTA. , LAXE |
| 00527/2024 | 2024/G003/000543 | SOLICITUDE DE ANULACIÓN DE RECIBO DE RECOLLIDA DE LIXO A NOME DE F.L.L. DE VIVENDA SITA NO LG. FOXIÑOS, 11, TRABA, LAXE |
| 00528/2024 | 2024/G003/000544 | Transmisión de Titularidad de Licencia Acometida de Agua y Alcantarillado a nombre de R.P.S. Solicita: Solicito que se cambia la titularidad del recibo de alcantarillado y basuras a mi nombre. Mis datos los tienen pues soy t |
| 00529/2024 | 2024/G003/000545 | Solicitud General a nombre de A.C.F. Solicita: Solicito a alta no padrón de basura e alcantarillado para a dirección Rua do Paraíso nº6 15117 Laxe a nome de A.C.F., con DNI 49332641X e dirección Avenid |
| 00530/2024 | 2024/G003/000546 | SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE NO PADRÓN DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 27/01/2025 12:25:00) , Francisco Charlín Orons (FECHA: 27/01/2025 12:49:00)
Versión imprimible
CVD: +8bA31nxfhzPx7aVHEx2
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | |
|---|---|---|
| | | SOLIDOS URBANOS NO RURAL, FORMULADA POR J.V.P |
| 00531/2024 | 2024/G003/000547 | SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE NA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SOLIDOS URBANOS, SUMIDOIROS E PREZO PÚBLICO POR ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DE BEIRARRUAS, FORMULADA POR MARIA DEL C.V.S. |
| 00532/2024 | 2024/G003/000548 | SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULAR NO PADRÓN DA TAXA POLA PESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SOLIDOS URBANOS NO RURAL DUNHA VIVENDA SITA NO LG. CARRABETE, NÚM. 24, PARROQUIA DE SERANTES, LAXE, FORMULADA POR N.R.V. |
| 00533/2024 | 2024/G003/000551 | GRATIFICACION PÒR SERVICIOS EXTRAORDINARIOS PRESTADOS FORA DO HORARIO NORMAL DE TRABALLO POLO SERVIZO DA POLICIA LOCAL |
| 00534/2024 | 2024/G003/000554 | Solicitude de AXUDA NO FOGAR por LIBRE CONCURRENCIA (Vía de urxencia) de F.B.P. |
| 00535/2024 | 2024/G003/000558 | SOLICITUDE DE BIAXA NO PADRÓN DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SOLIDOS URBANOS DE LCOAL SITO NA R/ ROSALÍA DE CASTRO, NÚM. 17, BAIXO, LAXE, CON EFECTOS 30/06/2024 |
| 00536/2024 | 2024/G003/000552 | EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS AO VIXENTE ORZAMENTO PRORROGADO DE 2022 PARA O 2024 POR XENERACIÓN DE CRÉDITOS |
| 00537/2024 | 2024/G003/000560 | Reserva de instalaciones: M.N. |
| 00538/2024 | 2024/G003/000561 | Reserva de instalaciones: I.P. |
| 00539/2024 | 2024/G003/000562 | CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO DE CONTRATO MENOR, DAS OBRAS DE MELLORA DO ACCESO E EXPLANADA EXTERIOR Á IGREXA PARROQUIAL DE SAN ESTEBAN DE SOESTO, NO CONCELLO DE LAXE. SUBVENCIONADA POLO POS+ 2023 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA. |
| 00540/2024 | 2024/G003/000557 | ASIGNACION COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE Á AUXILIAR ADMINISTRATIVA A.D.V. |
